



Concello de Lugo

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E O “DIARIO EL PROGRESO” CO OBXECTO DE COLABORAR NOS GASTOS DERIVADOS POLA CELEBRACIÓN DO “VI MEDIO MARATÓN CIDADE DE LUGO-DIARIO EL PROGRESO” ANO 2024.**

En Lugo, data e sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha banda **D. Jorge Bustos Atanasio**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, con enderezo en Lugo, Praza Maior, nº 1 e CIF P2702800J, en virtude da súa condición de Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes (Área de Cohesión e Dinamización Social).

E doutra banda **D<sup>a</sup>. Blanca De Cora García Montenegro**, con NIF 33335493Y, actuando en nome e representación do diario “El Progreso”, con CIF B27000637, na súa calidade de Conselleira-Delegada.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica e de representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio, e a tal efecto

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-**

Que o Concello de Lugo ten entre as súas competencias impulsar o deporte e os valores que este transmite, así como a promoción do municipio de Lugo e a súa dinamización na cidade.

Conforme ao artigo 50.1 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público (LRXSP), as Administracións Públicas, os seus organismos autónomos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado.

O “**VI MEDIO MARATÓN CIDADE DE LUGO-DIARIO EL PROGRESO**” é unha proba de atletismo popular de 21 km que discorre pola cidade de Lugo a través dun trazado que percorre rúas principais da cidade e o seu casco histórico, poñendo en valor os puntos máis significativos da nosa urbe.

O evento conta con participación de atletas de toda Galicia e parte do norte de España, amadriñado pola atleta lucense María Abel.

**SEGUNDO.-**



Que o Concello de Lugo, en exercicio das súas competencias ten vontade de promover este convenio en virtude do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, artigo 25.1: “O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

Así mesmo, o apartado 2 de este mesmo artigo establece que “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (...)”.

### **TERCEIRO.-**

Que ambas as partes coinciden na necesidade de axuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, cren conveniente, por medio deste documento, establecer a coordinación e colaboración respecto ao evento **“VI MEDIO MARATÓN CIDADE DE LUGO-DIARIO EL PROGRESO”**.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O obxecto de este convenio é a colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e o Diario El Progreso para a celebración do evento **“VI MEDIO MARATÓN CIDADE DE LUGO-DIARIO EL PROGRESO”**.

A organización do devandito evento, de carácter autonómico, corresponde en exclusividade a o Diario El Progreso, sendo titular dos dereitos para organizar o **“VI MEDIO MARATÓN CIDADE DE LUGO-DIARIO EL PROGRESO”**.

A data prevista para a súa realización é o 12 de maio de 2024. A importancia do evento nesta disciplina deportiva, fai que a promoción deportiva do mesmo garante unha ampla asistencia de público en xeral.

Todo o evento deportivo estará suxeito ao regulamento técnico do mesmo e supletoriamente polos regulamentos superiores.

O Concello de Lugo intégrase como colaborador do devandito evento para unha mellora na eficiencia da xestión pública e a oferta deportiva municipal, polo impulso do deporte e os valores que este transmite, perseguindo un fin común de interese



Esta edición consta de dúas probas paralelas, de 21 km e de 10 km., cunha participación estimada de 650 atletas, con saída nas inmediacións da Praza Horta do Seminario a partires das 10:00 horas. O percorrido trazado irá pola Ronda da Muralla, seguindo pola Avda. da Coruña, pasando polo Parque de Frigsa e atravesando rúas do Barrio da Milagrosa para enlazar de novo coa Avda. da Coruña ata a Ronda da Muralla e a altura da Porta de Santiago acceder a un percorrido totalmente peatonal polo interior das Murallas con saída cara a Avda. Ramón Ferreiro. O trazado da carreira completárase unha soa vez para a proba de 10 km, completando dúas voltas para a proba de 21 km.

Este percorrido, debidamente sinalizado e delimitado, será 100% asfalto e transcorrerá 100% calzada-estrada. Co obxectivo de manter a maior seguridade, o percorrido estará controlado e vixiado pola Policía Local, Protección Civil e voluntarios oficiais da organización debidamente identificados.

Participarán mulleres e homes, por categorías segundo a idade dos participantes.

O evento estará controlado mediante sistema de cronometraxe electrónico e os participantes levarán dorsais e chips identificativos.

Aos participantes ofreceranse servizos de gardarroupa, avituallamento, duchas e servizos médicos, e estarán cubertos por un seguro de responsabilidade civil e individual de accidentes.

Todo o evento deportivo estará suxeito ao regulamento técnico do mesmo.

## **SEGUNDA.- ACTUACIÓNS A REALIZAR POR CADA UNHA DAS PARTES ASINANTES DO CONVENIO.**

**2.1.- O Diario El Progreso comprométese, como organizador do “VI MEDIO MARATÓN CIDADE DE LUGO-DIARIO EL PROGRESO”** atender, en xeral, todas as necesidades para o desenrolo do evento nos días anteriores, durante o mesmo e relacionadas coa finalización do mesmo.

O Diario El Progreso comprométese así mesmo en que a colaboración do Concello de Lugo constará de forma expresa, pública e permanente na organización do evento, e co logotipo do Concello de Lugo na publicidade do evento, estática, dixital e calquera outra.

**2.2.- O Concello de Lugo, como colaborador do “VI MEDIO MARATÓN CIDADE DE LUGO-DIARIO EL PROGRESO”,** comprométese a:

O Concello de Lugo farase cargo da contratación de diferentes servizos do evento por importe de 25.000,00 €.



### TERCEIRA.- OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

Non existe contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio.

As partes asinantes comprométese a financiar os gastos asumidos durante a vixencia do convenio.

### CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimativo do “VI MEDIO MARATÓN CIDADE DE LUGO-DIARIO EL PROGRESO” de **61.522,44 €**, desglosado nas seguintes partidas:

ORZAMENTO		
ACHEGAS DO CONCELO DE LUGO		
<b>1. Soporte técnico</b>	Concepto	
	1.a. dirección técnica previa: Reuniones, consultoría, recorridos, documentación, voluntarios	1.815,00 €
	1. b. servicios web (inscripción, TPV, dominio web y PGD genérico mantenimiento)	786,50 €
	1. c. Cronometraje, controles salida y meta y clasificaciones del evento	1.210,00 €
	1. d Control de paso alta capacidad	2.904,00 €
	1. e Chip pegado al dorsal	1.161,60 €
	1. f Servicio Live Results	302,50 €
	1. G Geolocalización ( Participantes en vivo)	302,50 €
<b>2. Logística</b>		
	2.a Arco panelable	726,00 €
	2 b Carpa 6x3	1.452,00 €
	2.c Camión podium	1.332,40 €
	2 d. Alquiler y montaje arcos hinchables	726,00 €
	2.e Puntos kilométricos	363,00 €
	2.f Panal Led Meta	968,00 €
	2 G Cronometro Gigantes Meta y	484,00 €



	coche	
<b>3. Producción</b>		
	3 a Personalizacion puente de meta y traspodium	1.210,00 €
<b>4. Personal</b>		
	4.a Diretor técnico de la carrera y responsable recorrido	1.815,00 €
	4 b Pegada de carteles aviso garajes	1.742,40 €
	4 c Montaje vallas tráfico	435,60 €
	4 d Responsables ficheros y cronometraje, zona salida y meta y puntos kilométricos	1.064,80 €
	4 e Técnicos montaje estructuras	1.960,20 €
	4 f Servicio de speaker	363,00 €
	4 g Voluntarios	1.210,00 €
<b>5. Envíos</b>		
	5 a. Trasportes de mercancía avituallamientos y material	242,00 €
<b>6.Otros</b>		
	6 a Video de llegada	181,50 €
	6 b Racemapp	242,00 €
<b>ACHEGAS DO DIARIO EL PROGRESO</b>		
<b>7. Premios metálico</b>		
	2 primeros	1.800,00 €
	2 segundos	1.000,00 €
	2 terceros	600,00 €
	2 cuartos	400,00 €
	5 quintos	200,00 €
<b>8. Merchandising</b>		
	Camiseta conmemorativa 800 unidades	2.500,00 €
	Bolsa del corredor 800 unidades	1.200,00 €
	Trofeos 81 unidades	972,00 €
	Producción de Lonas	1.300,00 €



<b>9. Seguridad</b>		
	Servicio de vigilancia nocturna	228,00 €
<b>10. Seguros</b>		
	Seguro de accidentes	600,00 €
<b>11. Varios</b>		
	11 a. Sanitario químicos 4	660,00 €
	11 b. Alquiler carretilla elevadora	262,44 €
	11.c alquiler Vallas, conos y traspaletas	5.500,00 €
<b>12. Representación y RRPP</b>		
	Madrina de la carrera	1.000,00 €
<b>13. Publicidad y promoción</b>		
	<b>*13 a. El Progreso edición papel</b>	<b>13.000,00 €</b>
	13 b. Diario de Pontevedra edición papel	3.000,00 €
	<b>*13 c. Grupo El Progreso digital</b>	<b>1.700,00 €</b>
	13 d RRSS	600,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO 61522,44 € (IVE ENGADIDO)</b>		

### 13. Publicidad y promoción:

- El Progreso edición papel: 13.000€ (\*)
- Grupo El Progreso digital: 1.700€ (\*)

*(\*) Estarase ao disposto ao establecido no punto 2 da parte dispositiva do acordo de aprobación, no senso de que non poden admitirse como gastos computables, aos efectos de aprobación do orzamento definitivo."*

- Colaboración dos servizos municipais necesarios para o bo desenvolvemento do evento como poden ser Policía Local, Protección Civil, Servizos Electrómecánicos, Sinalización e Servizo de Limpeza.

O Concello de Lugo licitará mediante a licitación correspondente os suministros e/ou servizos anteriores por un importe total de **25.000,00 € IVE engadido**.

Non se realizará contraprestación económica directa algunha entre as partes asinantes.

### QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO



Non hai contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio.

#### **SEXTA.- DURACIÓN**

Dado que o alcance do presente convenio é a realización do “**VI MEDIO MARATÓN CIDADE DE LUGO-DIARIO EL PROGRESO**” de xeito excepcional, aplícase eficacia retroactiva ao convenio, vista a data de celebración da proba, de xeito que as actuacións xa ultimadas quedan incorporadas *ao convenio*, extinguíndose o convenio unha vez se leve a cabo o balance do evento e se revise por tanto o cumprimento das condicións establecidas neste convenio, establecéndose en todo caso como data límite de vixencia o 30 de xuño de 2024.

#### **SÉTIMA.- MODIFICACIÓN**

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, ter en conta que o alcance do presente convenio é en exclusiva a realización do “**VI MEDIO MARATÓN CIDADE DE LUGO-DIARIO EL PROGRESO**”.

#### **OITAVA.- EXTINCIÓN E EFECTOS**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da LRXSP e pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52.2 da LRXSP.

#### **NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto deste. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o responsable/persoal adscrito á Área de Deportes.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización.



A Comisión de seguimento reunirse con unha periodicidade mínima que garanta o seguimento e a correcta execución deste convenio, poderá reunirse a proposta de calquera das partes, realizándose convocatoria da reunión con 24 horas de antelación.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP. Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento deste convenio.
- Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio, establecendo un programa de seguimento dos traballos e das actuacións.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Enviar copias das actas das reunións destas comisións, así como do resto dos documentos que se emitan no desenvolvemento e execución deste convenio e que poidan ser requiridos polos Servizos de Control Interno municipais.
- Presentar unha memoria final da actuación na que se recollan as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados, o orzamento definitivo e o balance de ingresos e gastos, ademais daqueles outros aspectos que se consideren salientables en relación á execución do convenio. Os datos resultantes desta memoria poderían dar lugar a unha reformulación das obrigas económicas asumidas polas partes asinantes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
- O Concello de Lugo designará como responsable municipal da comisión de seguimento o funcionario Fernando Timiraos Carrasco.

As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

#### **DÉCIMA.- SISTEMAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, incorporaranse os “logotipos” institucionais do Concello de Lugo.

As entidades autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto de este convenio.



Concello de Lugo

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- CARÁCTER DO CONVENIO DE COLABORACIÓN**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como pola LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdicción contencioso-administrativa.

O presente convenio non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE**

Realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O Cocelleiro de Xuventude e Deportes

Asdo.: Don Jorge Bustos Atanasio

O representante do Diario El Progreso

Firmado por \*\*\*3549\*\* BLANCA DE  
CORA (R: \*\*\*\*0063\*) el día  
07/06/2024 con un certificado  
emitido por AC Representación

Asdo.: Dona Blanca de Cora García Montenegro”.



MURALLA  
patrimonio da humanidade